

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 3 DE FEBREIRO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día tres de febreiro de dous mil vinte; as dez horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Clara Loeda Soto.

Está presente o Secretario do concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

Fica aprobada.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello de 27 de xaneiro de 2020, no que expón : En relación cos actos vandálicos polos que varios inmobles , paredes,portas, e mobiliario urbano de Ribadavia, apareceron atacados por pintura e que, unha vez máis, volveron a ter lugar sen que conste ningunha sanción nin medida efectuada ao respecto. Recordando tamén que, recentemente, e ao marxe do anterior, houbo algún episodio de roubo nocturno en Ribadavia.

Solicitamos:

-Que o concello aumente as gardas nocturnas de Policía Local , e que se intensifique a coordinación coa Garda Civil.

-Que se lle reclame á Subdelegación do goberno máis efectivos e recursos para a vixilancia nocturna en toda a comarca do Ribeiro.

Que o concello restaure , pinte e borre os actos vandálicos. Colaborando cos veciños afectados e vítimas destes ataques, que ademais de prexudicar gravemente os seus inmobles ensucian e afean as rúas de Ribadavia.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento, e comunicar que está en trámite un proceso selectivo de cinco prazas de policía local e que se ten solicitado a contratación de dous auxiliares á Academia Galega de Seguridade para reforzar os servizos.

Escrito de Aqualia , con rexistro de entrada no concello de 30 de xaneiro de 2020, informando do estado de funcionamento do servizo de Ribadavia durante o pasado ano 2019.

-Escrito de don Alberto Rodríguez Rodríguez en representación de Sliky Media , con rexistro de entrada no concello de 28 de xaneiro de 2020 , no que solicita ao concello a cesión do local ubicado na Fontiña Mariña en Francelos para realizar as actividades da asociación, recibir a persoas interesadas nos nosos servizos e poder usalo para a decoración de escenarios para traballos audiovisuais.

Considerando que o local ubicado na Fontiña Mariña en Francelos, é de titularidade municipal, ben patrimonial.

Visto o artigo 106.1 da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas e artigos 1740 e 1741 do Código Civil.

A xunta de goberno, por unanimidade, acorda ceder o local ubicado na Fontiña Mariña en Francelos, planta primeira, entrando a dereita a Sliky Media por prazo dun ano, nas condicións que se concretarán en convenio asinado ao efecto, polo prazo dun ano.

Escrito de don Javier Bernardez González, con rexistro de entrada no concello de 28 de xaneiro de 2020, no que expón que o titular dos postos 1-2-3 da Praza de Abastos semisótano, continúa deixando mesas, cadeiras, colocadas de maneira que obstaculizan a correcta visión dos locais da súa titularidade adicados a froitería, sen ter a mínima consideración ao prexuízo que causa a súa actividade laboral; e solicita que se tomen as medidas oportunas para poñer fin a esta situación.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito de don Javier Bernardez González, con rexistro de entrada no concello de 28 de xaneiro de 2020, no que expón: “La rampa de entrada de la puerta lateral al semisótano de la Plaza de Abastos se encuentra en muy malas condiciones.” E solicita:” se coloque una rampa más segura”

A xunta de goberno acorda comunicar que se tentará solucionar o problema plantexado.

Escrito de don José Tielas González, con rexistro de entrada no concello de 28 de xaneiro de 2020, no que expón “ que el panteón que figura a nombre de Fidel Tielas Rodríguez, fallecido el 0-6-2019, pase a nombre de sus hijos José y Fidel Tielas González. Presentó autorización de Fidel Tielas González.

Solicita: “Que previos los trámites oportunos, se cambie la titularidad del panteón”

A xunta de goberno acorda autorizar o cambio de titularidade do panteón que figuraba a nome de don Fidel Tielas Rodríguez a favor de don Jose Tielas González e don Fidel Tielas González.

-Escrito de don Benito Vázquez García, administrador da igrexa de Esposende, en nome propio e da comunidade parroquial, con rexistro de entrada no concello de 30 de xaneiro de 2020, expón que, cos permisos correspondentes, se ten realizado obras de certo calado, na igrexa e no seu entorno, cun coste de 95.000 euros, sufragados polos veciños e o bispado e solicita que por parte do concello se faga un pequeno esforzo económico e se ilumine externamente a igrexa e o seu entorno.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Ourense de data 28 de xaneiro de 2020 na que falla: “ Que desestimando la demanda interpuesta por Ibermutua frente al INSS, TGSS, SERGAS, MARÍA AURORA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ y Concello de Ribadavia debo absolverlos de los pedimentos deducidos en su contra manteniendo la resolución de fecha 26-9-19 en sus estrictos términos en cuanto a que la baja de 27-3-19 es derivada de accidente de trabajo.”

Escrito da Xefatura Territorial do Servizo de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria remitindo copia de dilixencia de arquivo en relación ó Centro de Transformación Bombeo de Agua Ventosela Sampaio e acometida ao atoparse as instalacións desmanteladas.

Escrito do Defensor del Pueblo , formulando primer requerimento en relación ó vertido incontrolado de residuos e rotura de infraestrutura de depuración promovido por don Pablo Enrique Martínez Vázquez.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

A xunta de goberno, por unanimidade, acorda a adhesión do concello de Ribadavia ao programa Xacobeo en Camiño 2020.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as dez horas e dez minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.